

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 14

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE que terá lugar o día 14 de xuño de 2004, ás **DOCE HORAS**, no salón de Plenos deste Concello.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.- De conformidade co sinalado na Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo debe atoparse en funcionamento o próximo día 1 de xullo, polo que, tendo concluído no día de hoxe o prazo para a presentación de reclamacións e suxerencias ó acordo de aprobación inicial, procede acadar, no prazo máis breve posible, a aprobación definitiva do Regulamento mencionado a fin de establecer a súa íntegra publicación no BOP e incoar o procedemento de selección dos cargos que o integrarán segundo o sistema previsto no mesmo Regulamento.

A brevedade dos prazos mencionados xusutifica a urxencia da sesión extraordinaria que se convoca para o próximo luns, día 14 de xuño, ás 12,00 horas, con arranxo á seguinte orde do día:

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Substitución de representante do grupo municipal do BNG no Padroado da Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo-MARCO.
- 3.- Substitución de representante do grupo municipal do BNG no Pleno da Mancomunidade de Municipios.

XESTIÓN MUNICIPAL

- 4.- Aprobación definitiva do Regulamento Órgánico do Tribunal Económico-Administrativo municipal do Concello de Vigo.
- 5.- Escrito da entidade financeira "Caixanova" solicitando a designación dos representantes municipais na súa Asemblea Xeral.
- 6.- Proposta de modificación do acordo de data 19 de xaneiro de 2004, polo que se nomeou representante municipal no Padroado da Fundación "Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo".

7.- Proposta de modificación do acordo de data 29 de decembro de 2003, polo que se adxudicou subhasta relativa ó alleamento do aproveitamento urbanístico municipal existente na parcela denominada "Finca Solita".

MOCIÓNS

8.- Moción da Alcaldía propoñendo dar o nome de "Escritor Salvador García Bodaño-Zunzunequi" ó Centro Cívico de Teis.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE** no salón de Plenos ás **DOCE HORAS** do día **14 DE XUÑO**, para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 11 de xuño de 2004

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.